

1.6. Análise da converxencia real

A ECONOMÍA GALEGA REXISTROU EN 2004, SEGUNDO OS DATOS DA *CONTABILIDAD REGIONAL de España* (base 1995), unha das maiores taxas de crecemento real, ao presentar unha medra do seu PIB respecto ao ano precedente do 3,0%, tres décimas por riba da taxa experimentada no conxunto do Estado. Porén, se se considera unha perspectiva máis ampla, a economía galega presenta taxas de crecemento medio inferiores á media estatal, sendo estas do 2,8% nos últimos dez anos (medio punto porcentual menos que a media española) e do 2,5% de media nos últimos cinco anos (catro décimas inferior).

No capítulo anterior, **1.5.- Poboación**, indícase que a poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2005 medrou un 0,3% respecto ao mesmo período do ano anterior (9.194 persoas máis), fronte á medra do 1,8% no conxunto do Estado, polo que a importancia relativa da poboación galega no total estatal continúa a súa tendencia decrecente.

O peso relativo da economía galega no conxunto do Estado, medido en termos do PIB a prezos de mercado (prezos constantes), foi en 2004 de 5,39% (5,37% no ano anterior), mentres que a importancia relativa da poboación galega (1 de xaneiro de 2005) descendeu ata o 6,28% (6,37% no ano 2004).

Tomando como indicador de converxencia da economía galega á española e á europea (UE-25) o PIB per cápita, se se considera a media española = 100, este acadou en 2004 un valor de 80,7, case un punto porcentual superior ao valor do ano 2000. En relación á media dos vinte e cinco países europeos (UE = 100), o PIB acada en 2003 (último dato dispoñible) un valor de 77,6, case cinco puntos máis que en 2000.

Tal como se indicou na Memoria socioeconómica de Galicia do ano anterior, “falar de converxencia en magnitudes per cápita pode levarnos a esquecer que o desenvolvemento económico dun territorio esixe non só avanzar nestas, senón manter ou incrementar a súa dimensión demográfica”.

Ao longo deste capítulo analízase a converxencia coa media española en termos do PIB per cápita e da renda familiar bruta dispoñible por habitante e a converxencia coa UE-25 en termos do PIB per cápita. No capítulo dedicado ao estudo do emprego en Galicia (**2.1.- Mercado de traballo**) analízase a converxencia coa media española segundo os indicadores da Estratexia Europea de Emprego definidos na cumio de Lisboa (taxa de emprego, taxa de emprego feminino e taxa de emprego da poboación comprendida entre 55 e 64 anos).

• Converxencia coa media estatal

Tal e como se reflicte no capítulo dedicado á análise da produción (**1.2.- Producción**), ao longo do ano 2004 Galicia presentou un crecemento medio do seu PIB a prezos de mercado (prezos constantes de 1995) do 3,0%, tan só superado por Navarra, co 3,4% respecto ao ano anterior, e igualada con Andalucía e País Vasco. Ao igual que acontecera no anterior Ano Santo (1999) o crecemen-




GRÁFICO 1.6.1. ▲

CADRO 1.6.1. ►

Taxas de crecemento económico das CC.AA.

	Crecemento 2004 - 2003	Crecemento medio anual 1995 - 2004	Crecemento medio anual 1999 - 2004	Crecemento 2004 - 2003	Crecemento medio anual 1999 - 2004
	(termos reais)		(termos reais per cápita)		
Andalucía	3,0	3,8	3,6	2,3	2,9
Aragón	2,6	2,8	2,8	2,7	2,9
Asturias	2,0	2,2	2,2	2,3	2,5
Baleares	1,7	2,7	1,6	-0,2	-0,7
Canarias	2,8	3,7	2,9	0,8	0,5
Cantabria	2,9	3,4	3,1	2,7	2,9
Castela e León	2,7	2,5	2,6	2,9	2,8
Castela-A Mancha	2,1	3,1	2,8	1,7	2,3
Cataluña	2,5	2,8	2,5	1,9	1,9
C. Valenciana	2,4	3,6	3,0	1,4	1,8
Extremadura	2,8	3,7	3,2	2,5	2,9
Galicia	3,0	2,8	2,5	2,8	2,2
Madrid	2,9	3,7	3,2	2,0	2,1
Murcia	2,9	4,1	3,6	1,8	2,3
Navarra	3,4	3,6	3,4	2,9	2,9
País Vasco	3,0	3,4	2,8	2,9	2,7
A Rioxa	2,9	3,1	2,9	2,3	2,2
Ceuta e Melilla	2,2	3,7	2,9	1,1	1,7
Total	2,7	3,3	2,9	2,1	2,2

(1) Datos do INE, Contabilidad Regional de España base 1995 (CRE-95). Serie 1995-2004
(2) Datos provisionais
Fonte: INE

to galego sitúase por riba da taxa media de crecemento da economía española (dúas décimas en 1999 e tres décimas en 2004).

En 2004 redúcese o distanciamento de Galicia coa media española atendendo ao indicador do PIB rexionalizable per cápita. Este acada no derradeiro ano un valor de 80,7 puntos (media española = 100), seis décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Comparado coa situación do ano 2000, o PIB por habitante medra dende o 79,8% de 2000 ata o devandito 80,7% de 2004.

Converxencia real das CC.AA. fronte a España e a Unión Europea (UE-25)

	PIBR por habitante (1)					PIB por habitante (poder de compra)						
	2000	2001	2002	2003	2004	04-00	04-03	2000	2002	2003 (2)	03-00	03-02
			(media española= 100)				variación absoluta		(media UE-25=100)		(variación absoluta)	
Andalucía	75,8	76,1	76,6	77,0	77,2	1,4	0,2	68,1	68,7	71,1	74,0	5,9
Aragón	107,5	107,2	108,8	109,6	110,3	2,8	0,7	97,4	98,0	101,7	105,5	8,1
Asturias	85,7	85,7	86,0	86,1	86,4	0,6	0,2	78,4	79,0	80,7	82,9	4,5
Baleares	116,1	112,9	109,9	106,8	104,4	- 11,8	- 2,4	115,9	115,1	117,1	118,7	2,8
Canarias	91,5	90,3	89,1	88,1	87,0	- 4,5	- 1,1	87,2	87,2	89,0	91,5	4,3
Cantabria	94,6	95,9	96,5	96,3	96,9	2,4	0,6	87,7	89,6	91,9	95,2	7,5
Castela e León	93,3	93,4	94,2	94,9	95,6	2,3	0,8	84,4	85,3	87,8	90,9	6,5
Castela-A Mancha	81,6	81,8	82,6	82,3	82,0	0,3	- 0,3	73,9	74,4	76,0	77,8	3,9
Cataluña	119,0	118,8	118,3	118,2	118,0	- 1,0	- 0,2	110,2	110,3	112,3	116,1	5,9
C. Valenciana	96,2	95,9	95,7	94,9	94,3	- 2,0	- 0,6	87,8	88,6	90,7	92,6	4,8
Extremadura	66,0	65,7	66,7	67,0	67,3	1,2	0,3	59,3	58,9	61,6	64,3	5,0
Galicia	79,8	79,5	79,9	80,1	80,7	0,9	0,6	72,8	72,7	74,7	77,6	4,8
Madrid	133,5	134,3	133,3	133,4	133,2	- 0,3	- 0,1	122,9	124,6	126,7	130,4	7,5
Murcia	85,5	85,1	85,6	85,7	85,5	0,0	- 0,2	78,2	78,9	81,1	84,2	6,0
Navarra	128,2	128,1	129,1	129,8	130,8	2,6	1,0	115,6	116,3	119,6	123,1	7,5
País Vasco	124,1	124,9	124,9	125,6	126,7	2,5	1,0	113,9	114,7	117,1	121,3	7,4
A Ríoxa	114,3	112,7	112,2	113,0	113,3	- 1,0	0,3	105,4	105,5	106,7	110,8	5,4
Ceuta	81,5	81,8	81,8	81,9	81,3	- 0,6	- 0,6	78,3	79,1	81,6	82,9	4,6
Melilla	83,5	83,4	83,4	82,8	81,8	- 1,0	- 1,0	78,0	79,1	82,0	82,4	4,4
Total	100	100	100	100	100	-	-	91,7	92,4	94,6	97,6	5,9
												3,0

(1) Datos do INE, Contabilidade Regional de España base 1995 (CRE-95). Serie 1995-2004 (prezos constantes)
(2) Datos provisionais
Fonte: INE

◀ CADRO 1.6.2.

Renda familiar bruta dispoñible en poder de compra nas CC.AA.			
	1995	2004	Diferencial 2004 - 1995
	(media española= 100)		
Andalucía	73,03	76,58	3,55
Aragón	112,57	112,52	-0,05
Asturias	88,20	86,38	-1,82
Baleares	128,76	109,55	-19,21
Canarias	93,58	88,67	-4,91
Cantabria	93,27	96,84	3,57
Castela e León	99,82	105,17	5,35
Castela-A Mancha	90,63	89,74	-0,89
Cataluña	117,79	113,05	-4,74
C. Valenciana	97,10	97,47	0,37
Extremadura	72,12	81,76	9,64
Galicia	81,62	90,35	8,73
Madrid	127,21	123,39	-3,82
Murcia	83,53	79,50	-4,03
Navarra	125,34	118,20	-7,14
País Vasco	122,17	121,38	-0,79
A Rioxa	111,66	107,21	-4,45
Ceuta	98,63	101,53	2,90
Melilla	106,21	105,13	-1,08
Total	100	100	

Fonte: Funcas, Cuadernos de Información Económica

CADRO 1.6.3. ►

Como reflicte o **cadro 1.6.2.**, Galicia segue sendo a terceira comunidade co menor valor do PIB rexionalizable per cápita, tan só superior ao de Extremadura (67,3% en 2004) e Andalucía (77,2% no último ano).

Se se consideran os dous compoñentes do indicador PIB por habitante, cómpre salientar que mentres que a poboación galega perde peso de xeito continuado no conxunto da poboación española, a actividade económica nos últimos dez anos só medra en Galicia máis que en España nos anos 1999 e 2004, que corresponden con anos Santos (en 2002 Galicia e España presentan unha taxa de crecemento similar).


No ano 2004, o índice da Renda Familiar Bruta Dispoñible (RFB) por habitante acada un valor de 90,3 (media española = 100), situándose como a sétima comunidade autónoma con menor ratio, por riba de Castela-A Mancha, Canarias, Asturias, Extremadura, Murcia e Andalucía. Comparado coa situación de 1995, o **cadro 1.6.3.** indica que Galicia rexistrou un importante avance, ao medrar dende os 81,6% dese ano aos devanditos 90,3%, sendo a segunda comunidade con maior crecemento, tras Extremadura.

A incorporación dos fluxos fiscais e de transferencias de rendas das Administracións Públicas ás familias eleva en case dez puntos a converxencia de Galicia en termos de RFB (90,3 segundo Funcas) respecto á converxencia en termos de PIB (80,7 segundo o INE).

• Converxencia coa media europea

En 2003 (último ano dispoñible) Galicia presentou por primeira vez un produto interior bruto por habitante superior ao 75% da media comunitaria, ao acadar un PIB per cápita equivalente ao 77,6% da media europea (97,6% no conxunto do Estado). Con todo, Galicia segue sendo a terceira comunidade autónoma co menor índice, superando, como nos anos anteriores, a Extremadura (64,3%) e a Andalucía (74,0%).

Os datos recollidos no **cadro 1.6.2.** indican que o proceso de converxencia



◀ GRÁFICO 1.6.2.

non se produciu coa mesma intensidade nas distintas comunidades autónomas. Comparado os índices do PIB per cápita de 2000 e 2003, Galicia presenta unha mellora de 4,8 puntos, superando tan só aos incrementos experimentados por Baleares (2,8 puntos), Castela-A Mancha (3,9 puntos máis), Canarias (4,3 puntos porcentuais) e Asturias (4,5 puntos), ademais de Ceuta e Melilla (4,6 e 4,4 puntos porcentuais).

Coa excepción de Aragón, que presenta a medra máis acusada entre 2000 e 2003, e de Cantabria, cunha medra similar á de Madrid e Navarra, as tres comunidades autónomas co PIB per cápita máis elevado en 2003 son as que presentan as maiores taxas de crecemento (Madrid e Navarra, con 7,5 puntos porcentuais, e País Vasco, con 7,4 puntos máis). O incremento experimentado no conxunto do Estado foi de case seis puntos.

Segundo os datos de Eurostat, A Coruña é a única provincia que presenta, ao longo dos oito anos considerados, un nivel de renda per cápita medio superior ao 75% da media europea e superior ao valor da media galega. Pola contra, tal como reflicte o **gráfico 1.6.2.**, as outras tres provincias galegas presentan unha renda por habitante inferior á media galega.

Atendendo á evolución entre 1995 e 2002, o devandito gráfico amosa unha converxencia coa media europea de todas as provincias agás no caso de Lugo. Tomando como referencia os datos do índice de PIB per cápita (PPA) correspondentes aos anos 1995 e 2002, os avances máis acusados rexístranse en Ourense e Pontevedra, cunha mellora de 5,6 e 5,2 puntos porcentuais. Pola contra, no caso de Lugo, este índice amosa unha caída de case dous puntos porcentuais.

As provincias de A Coruña e Ourense, ao igual que o conxunto da economía galega, acadan o maior nivel de converxencia no derradeiro ano da serie consi-




GRÁFICO 1.6.3. ►

derada (79,7% e 71,6%, respectivamente). Pola contra, cómpre salientar que Lugo rexistra o seu maior nivel de converxencia no ano 1995, cando acada o 68,7% da media europea. Pontevedra experimentou o seu nivel de converxencia máis alto en 1999, co 73,1% da media da UE-25.

En relación coas 254 rexións europeas consideradas na Unión Europea, os datos de Eurostat indican que Galicia presenta, en 2002, un PIB per cápita superior ao rexistrado en 72 rexións: dezaseis polacas, dez alemáns, sete da República Checa, seis gregas e húngaras, cinco italianas, catro francesas e portuguesas, tres españolas (Castela A Mancha, Andalucía e Extremadura) e eslovacas, dúas do Reino Unido e unha de Bélxica, Estonia, Lituania, Estonia, Malta e Eslovenia.

• Converxencia provincial coa media galega

Tomando como referencia os datos de Eurostat, o **gráfico 1.6.3.** reflicte que ao longo de todo o período diverxencia, A Coruña é a única provincia que se sitúa por riba da media galega (Galicia = 100), mentres que as outras tres provincias sitúanse sempre por baixo da media.

De 1995 a 1998, A Coruña presenta un proceso de diverxencia positivo, ao presentar diferenciais positivos coa media galega cada vez máis elevados. A partir deste ano, cando o PIB per puntos (en termos de paridade de poder adquisitivo) acada un valor de 108,5 puntos, este índice presenta valores cada vez máis reducidos, acadando un mínimo en 2001, con 105,1 puntos.

O peor resultado é o rexistrado en Lugo, que presenta unha diverxencia negativa, é dicir, cada vez está máis lonxe da media galega. O devandito **gráfico 1.6.3.** indica que, agás o experimentado no ano 2000, cando o PIB expresado en

termos de paridade de poder adquisitivo medra un 11,1%, esta provincia experimenta sempre un alonxamento da media galega, acadando a máxima diferenca en 1999 (12,1 puntos menos).

As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha tendencia positiva cara á converxencia. En Ourense este proceso ten dous períodos ben diferenciados, xa que mentres que entre 1995 e 1998 o PIB per cápita é cada vez menor en termos da media galega, dende 1998 ata o 2002 esta provincia presenta o proceso de converxencia máis acusado das catro provincias. Se en 1998 o diferenca coa media galega era de 10,7 puntos, no derradeiro ano da serie este acada un valor de 4,2.

Pontevedra, pola contra, presenta un proceso de achegamento á media galega máis suave, acadando en 1999 e 2001 valores superiores ao 99% da media galega. Os diferenciais máis acusados coa media galega rexístranse nos dous primeiros anos considerados, con 4,3 e 4,5 puntos, respectivamente. ■